

Con *Ás de bolboreta*, volve Vde. á literatura para mozos. E iso que, polo que teño entendido, nun principio non tiña de todo claro se calificaba como unha obra para rapaces ou para adultos...

Non é que non o tivese claro. Si cría que as historias eran destinadas a rapaces, pero entrábanme dúbidas no que se refire á estrutura do texto, xa que non está narrada como se fai habitualmente para os mozos. De todos os xeitos, si creo que, tal e como está contada, é perfectamente comprensible para os rapaces, e pode ser moito máis atractiva e sorprendente para eles que para un público adulto, xa que a maneira de estar narrada é un tanto peculiar.

Ten unha estrutura de puzzle, con historias sen concluír e personaxes trazados a grandes riscos. Gústalle, logo, que os lectores completen a obra?

É que precisamente por iso me gusta máis para rapaces. Porque era como provocar un xogo; facerlles ver a literatura como algo non completamente mastigado, no que che dan todo feito, senón como algo no que ti tes que facer o esforzo de, por unha parte, rematar as historias, e por outra, intuír por onde van os personaxes. Existen múltiples lecturas para *Ás de bolboreta*, e si que me apetecía... non sei se a palabra é retar, pero si facer que os rapaces se sentisen elementos moi activos durante a lectura.

A inmigración, o terrorismo, a violencia doméstica... son asuntos nos que, ás veces, é doado caer en tópicos e moraliñas. Como se evita isto?

Creo que iso é o máis difícil, e houbo momentos en que tiven moitas dúbidas. Mesmo agora sigo a telas tamén, porque, como ti dis, son temas nos que é moi fácil acabar dando leccións. Supoño que por iso busquei esa estrutura máis aberta, na que, ao non contalo todo, é moito máis doado non acabar creando unha sentenza final na que dirimas se este personaxe é bo e este é malo. De todos aparecen partes moi boas e partes moi malas, cóntanse cousas deles que se encadran en diferentes momentos e que axudan a entender os personaxes. Non hai que ser comprensivos nin co terrorismo nin coa violencia pero -e por iso creo que vai máis destinada aos rapaces- si axudar a ver as historias dende diferentes puntos de vista. E o feito de estar moitas delas esbozadas en trazos, permitíume en moitos momentos non ter que dicir a frase final. Queda máis nas mans do lector que nas miñas, que era o que realmente procuraba.

Aínda que xa aclarou que *Ás de bolboreta* non ten nada que ver con *Sol de inverno*, tras ler as dúas, si que vexo un tema coincidente, que é ese desarraigo, esas circunstancias que obrigan aos personaxes a ter que marchar ou fuxir do fogar...

Ben; eu sempre digo que non teñen nada que ver porque, para min, como autora, son completamente diferentes. Pero eu son a mesma, e na narrativa creo que se acaba vendo, dunha maneira ou doutra, que a autora é Rosa Aneiros. E si é certo que existen cousas que están presentes nas dúas historias, cousas que a min me preocupan. E esa idea do desarraigo -que aparece tamén noutras novelas miñas- é algo que me gustou moito potenciar nas dúas. Porque creo que é moi interesante facernos recordar aos galegos que somos un pobo que tivemos que marchar tantos e durante tanto

tempo, nun momento como o de hoxe, no que son outros os que chegan. Un dos grandes temas contemporáneos é a mobilidade das persoas e das socieda-

des, que provoca esa mestura entre culturas que fai que xa non sexan tan puras. Supoño que é axudar a configurar o puzzle da contemporaneidade, un mapa

no que todo se vai intermezclando e no que culturas que aparentemente non teñen nada que ver coa nosa, ao final non son tan diferentes. E, aínda que existan unhas fronteiras físicas, realmente o que nos está a suceder está moi por riba das xeografías; porque nós marchamos e outros chegan, fisicamente, pero tamén a través da literatura, do cine, das chamadas de teléfono...

En *Sol de inverno*, a protagonista buscar regresar a Antes, ao seu paraíso infantil. Vde., ao escribir a novela, regresou ao seu, ás historias que lle contaba o seu padriño Andrés sobre A Habana?

De certa maneira, si. Pregúntanme moito se o meu padriño é algún dos protagonistas, e realmente el non se parecía a ningún dos personaxes da novela. O que si quixen foi volver ao meu paraíso perdido, que era a Cuba que el me narraba cando era pequena. Volver aos contos de Cuba. A metáfora de Antes é a mesma que aplico eu a A Habana. Inverno, a protagonista, fala de Antes como un lugar no que realmente viviu e do que se viu expulsada, pero é un lugar que fisicamente non existe. É o único lugar da novela que non se corresponde cunha xeografía, aínda que si haxa unha parroquia que se chama Antes [en Marzarcos] Para min, escribir toda a parte d'A Habana é volver a un lugar que realmente xa non existe. Eu visiteina dúas veces e xa non é a cidade que a min me



XOAN ÁLVAREZ

Rosa Aneiros

“En *Sol de inverno* influíu o valor testemuñal que os exiliados lle deron ás súas memorias”

Con Sol de inverno e Ás de bolboreta, Rosa Aneiros marcou a actualidade literaria galega, ao gañar o Xerais de Novela e mais o Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil. Logo do rebumbio mediático, chega a hora de ambas as obras, nas cales abrollan historias marcadas polo desarraigo e a esperanza, o exilio e a procura de paraísos perdidos.

NATALIA ÁLVAREZ

“En *Ás de bolboreta* quería que os rapaces se sentisen elementos moi activos durante a lectura”

contaban. Trátase, entón, de recrear o paraíso perdido, a ilusión da infancia e a capacidade de imaxinar un espazo que xa non permanece.

Adicoulle a novela a Silvia Mistral. Servíuse do seu *Exodo*. Diario dunha refuxiada para escribir o libro?

Así é, sobre todo a parte de Francia e a travesía no “Ipanema”. As memorias do exilio de Silvia Mistral eran moi parecidas ás doutros exiliados, como Elixio Rodríguez ou María Teresa León. Existen compoñentes na súa maneira de contar que están presentes en todas as memorias de refuxiados, e eu quixen que aparecesen na novela, tanto na xeito de ser narrada, como nos feitos que se contaban.

Como influíu, logo?

No estilo, influíume determinante o valor testemuñal que lle deron ás súas memorias; ese deixar constancia do vivido para que non se repita é algo que impregna a parte de Francia e a parte do “Ipanema”. Ademais, quixen que o percorrido que fai Inverno fora unha homenaxe a Silvia Mistral. Ela non chega a estar internada en Argelès-sur-Mer, pero

--> VEN DE PÁXINA ANTERIOR

pasa por alí e pasa tamén por Les Mages, antes de saír no barco cara a Burdeos e, finalmente, cara a Veracruz. O seu diario remata en México, aínda que despois marche para Cuba, e eu quixen que a miña protagonista tamén marchase para Cuba, onde inicia unha historia que xa non ten nada que ver coa de Silvia Mistral. Pero sobre todo nesa primeira parte, eu tiña moito interese en que fora unha homenaxe a todos eses diarios de refuxiados.

Contaba, ademais, que en moitos deles aparecían feitos que coincidían, pero que de certo eles non viviran...

-Por iso che comentaba o do afán tesemuñal. Hai acontecementos que se repiten, cousas que contan que realmente é imposible que todos vivisen. Por

*“Sol de inverno
amosa un canto
á República, ao
galeguismo, ao
xornalismo, ás
mulleres”*

bardeos. Pero unha vez que acabei esta parte, decidía “marchar” a Cuba, e comezaba a ler documentación sobre a illa. Aínda que neste caso utilicei menos da que semella, porque había moitas cousas que non aparecían nos libros, e si tiña na memoria.

Antes falábase Vde. das distintas memorias. A narradora (que non diremos quen é, para non destripar a obra) anima a Inverno a escribir arreo para combater o olvido. Neste sentido, é a palabra escrita o mellor xeito para loitar contra o Alzheimer histórico?

Creo que si. Por iso tamén está tan presente a dedicatoria a Silvia Mistral e a todos os exiliados. Porque houbo un momento en que si sentiron ese peso sobre os seus ombros, esa responsabilidade de narrar o que acontecera, de deixar constancia do vivido, coa finali-

dro, da música, do cine... Afí si que hai un canto tremendo á República, pero insisto, non como algo xeral, senón a partir desas cousas pequenas que foron grandiosas. Tamén existe un canto moi especial aos xornalistas, e por iso quixen que Inverno se adicase ao xornalismo; porque non só marcharon ao exilio escritores ou pintores, senón que houbo xente que marchou e que seguiu exercendo a palabra e dignificando o oficio de xornalista. Hai un canto tamén ás mulleres, que en moitas ocasións foron consideradas personaxes secundarios na Historia. Creo que houbo momentos nos que se foi especialmente cruel con moitas mulleres que quedaron un pouco tapadas polo o foco que irradiaban os seus homes. É o caso de Carmen Muñoz, a muller de Dieste, que aparece na novela, pero sobre todo o caso de María Teresa



XOÁN ÁLVAREZ

exemplo, hai un feito que eu quixen meter na novela, a historia dun rapaciño que comeza a andar polo mar dicindo “Me voy a México, me voy a México” coma se toleara. Isto aparece no diario de Silvia Mistral, e tamén noutros, pero é imposible que estivesen presentes todas as persoas que o contaron nas súas memorias, porque é unha anécdota que sucedeu unha vez. Coido que é algo moi interesante da mente humana: como houbo xente que leu noutros diarios cousas que sucederon, e como as asumiu como propias. É un pouco o xogo tamén da miña novela, de como recreas e es capaz de lembrar un feito que realmente non che sucedeu, de como te apropias das distintas memorias.

Como levou o de traballar con tanta documentación?

Foi difícil pero, á vez, tampouco foi tan complicado, porque ía por partes. Na de Barcelona, estiven en varias exposicións, servíame das fotos de Agustí Centelles para a recreación da cidade, e utilicei tamén varios libros de historia nos que se detallan, por exemplo, os bom-

dades de que lles servise ás xeracións futuras. É un pouco o espírito que quixen recoller para esta historia, que no momento en que permanece a túa memoria, permanece a túa vida.

Dicía Manuel Rodríguez Alonso na súa crítica de *Sol de inverno* que a novela serve de destrución de mitos, dese mito da Galiza conservadora, franquista e antirrepublicana...

Eu non quixen facelo tanto como destrución dese mito, senón como recuperación doutro. A crítica de Alonso tamén dicía que era un canto á República, e efectivamente, si que é tal canto á República -e ao laicismo, ao galeguismo-, pero non pensando na República como algo abstracto, senón en determinados valores que están e que permanecen na novela. Por exemplo, as Misións Pedagóxicas. Para mín era un apartado fundamental, é algo que sempre me emocionou moito. Gústame moitísimo pensar que existiron unhas persoas que chegaban cos seus carromatos simplemente para contarlle á xente que era analfabeta cousas dos libros, dos ca-

León... existe un grandísimo canto a María Teresa León nas páxinas de *Sol de inverno*. E, daquela, hai todo isto, si, pero non porque eu mo puxese como bandeira. Iso nunca o fago cando escribo. Eu non digo: “Vou facer un canto á República”, e en función diso utilizo os personaxes. Non. Eu creo que o canto á República vese a partir de todas estas cousas que foron parte da nosa historia, que quedaron tapadas e que, en moitos casos, parece que non interesa recuperar. E eu creo que son fundamentais para entender a nosa historia contemporánea.

Publicadas xa as dúas obras, está escribindo algo novo?

Agora estou de descanso. Cando comezo a promoción dunhas obras, procuro estar centrada nelas. Porque eu son das que, no momento en que teño en mente un novo personaxe, mézome na súa pel e non me gusta falar doutras novelas. Así que, polo de agora e durante uns meses, vou deixar que haxa personaxes aí petando para que conte a súa historia.

*“Ao escribir a novela
volvín ao meu
paraíso perdido, á
Cuba que o meu
padriño me narraba
cando era pequena”*